

## INFORMACIÓN DE TRÁMITES DE SERVICIOS SOCIAIS

### PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR

O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar, favorecendo a súa calidade de vida e evitando ou retrasando a súa institucionalización.

### PERSOAS ÁS QUE ESTA DIRIXIDO

Poderán ser beneficiarios todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica, supoña un recurso idóneo de atención, pero terán prioridade as persoas que polas súas eivas físicas ou mentais, socioeconómicas ou familiares teñan limitada a súa autonomía persoal.

As persoas que teñan o dereito recoñecido pola súa dependencia terán prioridade no acceso o servizo.

### REQUISITOS

- Estar empadroadado no Concello de Monforte de Lemos.
- Manifestar un estado de necesidade que faga necesario este servizo.
- Reunir as condicións familiares, sociais, económicas e de validez persoal establecidas no baremo existente.
- Non presentar un estado de deterioro físico ou psíquico tal que necesite máis dun internamento asistido e continuado que dunha axuda no fogar.
- Residir nunha vivenda que reúna as condicións de habitabilidade mínimas e, que posibiliten a prestación do servizo cunhas garantías básicas.
- Asinar o proxecto de intervención que oportunamente poida ser prescrito polo Traballador Social e, en todo caso, aquel no que se comprometa cumprir as obrigas inherentes o servizo, incluído o pagamento das cantidades que puideran corresponderlles.

### SOLICITUDE

Deberán cubrir e presentar a solicitude ao respecto que pode descargarse no apartado [Documentos Adicionais](#).

### DOCUMENTACION QUE DEBERÁN APORTAR

1. Solicitude debidamente cuberta e selada co Rexistro de Entrada do Concello.
2. Fotocopia do D.N.I.
3. Certificado de convivencia e residencia no concello.
4. Fotocopia da cartilla de asistencia sanitaria.
5. Informe do médico de atención primaria ou especialista.
6. Certificación de discapacidade, se é o caso.
7. Xustificante de ingresos dos membros da unidade de convivencia, tales como certificado da pensión, salarios, intereses bancarios, etc.

8. Fotocopia da derradeira declaración da renda ou, no seu defecto, certificado de Facenda de non estar obrigado a declarar.
9. Calquera outro documento que podan solicitar os servizos sociais.

## PRAZO

O prazo está aberto durante todo o ano.

## CITA (por teléfono, persoalmente ou por correo electrónico)

**Estamos en:** Rúa Ricardo Quiroga, s/n  
27400 Monforte de Lemos  
☎ 982 416 541 ✉ servizossociais@concellodemonforte.com  
📠 982 416 357  
🌐 www.monfortedelemos.es (Áreas Municipais → Servizos Sociais)  
🕒 Luns a Venres de 09:00 a 14:00 horas

## LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes, xunto coa documentación, pódense presentar destas dúas formas:

- No Rexistro Xeral do Concello (Casa do Concello de Monforte de Lemos - Campo de San Antonio, s/n)
- A través dalgunha das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## BAIXAS

Serán causas de **suspensión temporal** do servizo:

- Ausencia temporal do domicilio( máximo 3 meses)
- Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo.

Serán causas de **extinción** do servizo:

- A renuncia da persoa usuaria
- cambio de PIA ou do proxecto de intervención
- Traslado definitivo da súa residencia a outro concello
- Falecemento da persoa usuaria
- Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas
- A falta reiterada do pagamento do servizo
- Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

## NORMATIVA

**Orde do 22 de xaneiro de 2009**, reguladora do servizo de axuda no fogar.

**Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar do concello de Monforte de Lemos**, B.O.P. Núm. 51-4 de marzo de 2010.